



PROGRAMA DE OFERTA DE SOLO DE TITULARIDADE DAS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA

Maio de 2025



REGULACIÓN

O Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida, está regulado na Resolución do 30 de abril de 2025 da presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 88, do 9 de maio: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250509/AnuncioC3Q2-240425-0008_gl.html

OBXECTO DO PROGRAMA

- Colaborar coas entidades locais galegas na tramitación dos expedientes de adxudicación de parcelas de titularidade local a promotores ou cooperativas, para que as destinen á construción de vivendas de protección autonómica (VPA).
- Ofrecer na páxina web do IGVS información sobre a relación de parcelas dispoñibles para a construción de vivenda protexida nos municipios adheridos.

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

O Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida consta de tres fases diferenciadas:

1. Adhesión ao programa.
2. Incorporación de parcelas ao programa.
3. Adxudicación das parcelas incorporadas ao programa.

ADHESIÓN AO PROGRAMA

1) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

- Presentarase pola entidade local interesada, segundo o modelo que figura como anexo II da Resolución do 30 de abril de 2025.
- Presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado co código de procedemento VI420D dispoñible na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?>



[codtram=VI420D](#)

- O prazo de presentación de solicitudes comezará o 12 de maio de 2025 e estará aberto de xeito permanente.

2) SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E A ENTIDADE LOCAL SOLICITANTE

- O convenio axustarase ao modelo que figura como anexo I da Resolución do 30 de abril de 2025.
- A sinatura do convenio permitirá ás entidades locais incorporar parcelas ao programa para a súa posterior adxudicación.

INCORPORACIÓN DE PARCELAS AO PROGRAMA

1) REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR AS PARCELAS PARA INCORPORARSE AO PROGRAMA.

- Ser de plena titularidade da entidade local.
- Cumprir as condicións exixidas na normativa reguladora dos bens das entidades locais para proceder á súa adxudicación.
- Cumprir as condicións establecidas no planeamento urbanístico vixente de aplicación no concello, para o seu destino a un uso residencial.

2) SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DE PARCELAS AO PROGRAMA.

- Presentarase pola entidade local interesada, segundo o modelo que figura como anexo III da Resolución do 30 de maio de 2025.
- Pode referirse a unha ou varias parcelas que reúnan os requisitos indicados.
- Presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado co código VI420E, dispoñible na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=VI420E&ano=2025&numpub=1&lang=gl>
- O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto durante toda a vixencia do programa co obxecto de facilitar a incorporación de parcelas.



A solicitude de incorporación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Certificado urbanístico da parcela.
- Certificación do Rexistro da Propiedade sobre as cargas e gravames da parcela.
- Informe técnico da entidade local sobre o valor da parcela.
- Certificado da persoa titular da secretaría da entidade local que acredite a plena dispoñibilidade da parcela, así como a realización dos trámites exixidos pola normativa para proceder á adxudicación das parcelas.
- Coordenadas da parcela, así como a súa información xeoreferenciada en formato shapefile (.shp), no caso de dispoñer dela.

3) RESOLUCIÓN SOBRE A INCORPORACIÓN DE PARCELAS AO PROGRAMA

- Órgano competente: persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.
- Prazo máximo de resolución: 3 meses desde a presentación da solicitude.
- Sentido do silencio: positivo.
- Efectos da incorporación de parcelas: compromiso do IGVS e da entidade local de tramitar o procedemento para a súa adxudicación.

ADXUDICACIÓN DE PARCELAS INCORPORADAS AO PROGRAMA

1) ADXUDICACIÓN DAS PARCELAS

- Procedemento: concurso público que se tramitará polo IGVS en colaboración coa entidade local titular da parcela, nos termos estipulados no convenio de colaboración.
- Participantes no concurso: promotores e as cooperativas.
- Formas de adxudicación: compravenda ou constitución de dereitos de superficie.

2) TRÁMITES QUE REALIZARÁ O IGVS

- Elaborar os pregos de bases polos que se rexerá a adxudicación das parcelas e tramitar os procedementos.
- Publicar os anuncios da licitación na páxina web do IGVS.
- Designar aos membros das Mesas de licitación. (A entidade local formará parte da mesa, se o indica expresamente no anexo III).



- Efectuar a valoración técnica das ofertas presentadas conforme aos criterios de preferencia e valoración que se fixen nos pregos.
- Elaborar as propostas de adxudicacións dos contratos.

3) TRÁMITES QUE REALIZARÁ A ENTIDADE LOCAL TITULAR DA PARCELA

- Remitir ao IGVS a información que lle requira relativa á adxudicación das parcelas.
- Ditar a resolución de adxudicación dos contratos.
- Remitir ao IGVS os contratos asinados no prazo máximo dun mes desde a súa sinatura.

DESTINO DAS PARCELAS ADXUDICADAS

As persoas adxudicatarias deberán destinar as parcelas á construción de vivendas de protección autonómica (VPA), conforme á normativa vixente, nas seguintes modalidades:

- No suposto de adxudicación mediante compravenda, as vivendas que se constrúan poderán destinarse á venda ou alugueiro nas modalidades de réxime xeral, especial ou concertado.
- No suposto de adxudicación mediante a constitución dun dereito de superficie, as vivendas que se constrúan unicamente poderán destinarse a alugueiro nas modalidades de réxime xeral, especial ou concertado.

PUBLICIDADE DO PROGRAMA

O IGVS publica o programa na súa páxina web (https://igvs.xunta.gal/programa_oferta) e publicará a relación de concellos participantes no programa e as parcelas incorporadas a este, susceptibles de adxudicación, ofrecendo información aos promotores, cooperativas e á cidadanía en xeral sobre as parcelas dispoñibles en cada municipio para a construción de VPA.